'onos:
844 800
849 960
981 844 008

E.L. 01150119

CONCELLO DE BOIRO

Praza de Galicia, s/n
15930 BOIRO (A Coruña)
correo e: correo@boiro.org
páxina web: www.boiro.org

Ref.: AFM

Raquel B. Bahillo Varela , secretaria xeral do Concello de Boiro (A Coruña), do que é alcalde Juan José Dieste Ortigueira.

CERTIFICO: Que a **Xunta de Goberno Local** en sesión celebrada o dia 1 de outubro de 2013, adoptou entre outros o seguinte acordo:

2.-ASUNTOS VARIOS

2.9. ACORDO DE ADXUDICACIÓN DO ALLEAMENTO DUNHA PARCELA DO PATRIMONIO MUNICIPAL DO SOLO (PARCELA P1 DE ESPADAÑAL 2).

Antecedentes administrativos:

Primeiro: O 23 de xullo de 2013, por acordo da Xunta de Goberno Local, iniciouse o procedemento para o alleamento mediante poxa do ben inmoble patrimonial pertencente ao patrimonio municipal do solo (PMS) sito en situado no polígono de solo urbano de baixa densidade Espadañal 2, e inscrito no Rexistro da Propiedade de Noia, no Tomo 1425, Libro 284, Folio 184.

Segundo: O 6 de agosto de 2013 a Xunta de Goberno Local aprobou o expediente de licitación do alleamento desta parcela municipal, aprobando tamén os pregos de cláusulas administrativas que rexerán a adxudicación desta licitación mediante poxa, cun tipo mínimo de licitación de 193.329,80 € (IVE non incluído).

Terceiro: Con data 9 de setembro de 2013 foi constituída a Mesa de contratación, e esta, tendo en conta como único criterio de adxudicación o mellor prezo, realizou proposta de adxudicación a favor de BEIRA DA RIA S.L.

Cuarto.- *O 10 de setembro de 2013 a Xunta de Goberno Local clasificou as ofertas presentadas polos licitadores, atendendo a proposta levada a cabo pola Mesa de Contratación, de conformidade coa seguinte orde:*

1. *BEIRA DA RÍA S.L*

- Prezo base de licitación sen IVE: .....(255.005,00€)
- IVE do 21%: .....(53.551,05 €).
- Total (a+b): .....(308.556,05 €).

Quinto.- En data 1 de outubro de 2013, don Jesús Manuel Alonso Escurís, en nome e representación da empresa *BEIRA DA RÍA SL, presentou* a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Sexto.- En data 1 de outubro de 2013 intervención emite informe favorable de fiscalización.

Fundamentos xurídicos:

Primeiro.- O artigo 112 do Real Decreto 1371/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais sinala que as alienacións de bens patrimoniais rexeranse en canto a súa preparación e adxudicación pola normativa reguladora da contratación das Corporacións Locais.

'onos:
844 800
849 960
981 844 008

E. L. 01150119

CONCELLO DE BOIRO

Praza de Galicia, s/n
15930 BOIRO (A Coruña)
correo e: correo@boiro.org
páxina web: www.boiro.org

Segundo.- A alienación dos inmobles poderá realizarse mediante poxa, concurso ou adxudicación directa.

A poxa poderá celebrarse á alza ou á baixo, e, no seu caso, con presentación de posturas en sobre pechado; poderá acudirse igualmente a sistemas de poxa electrónica. A modalidade da poxa determinarase atendendo ás circunstancias da alienación, e a adxudicación efectuarase a favor de quen presente a oferta económica máis vantaxosa. (artigo 137 LPAP).

Terceiro.- Consonte o sinalado na cláusula 14 do Prego de Cláusulas Administrativas o importe do prezo que o adxudicatario abonará ó Concello será o que figure no acordo de adxudicación definitiva, de conformidade co resultado da adxudicación.

O pagamento do prezo poderá realizarse en dous prazos:

a) No prazo de 15 días naturais contados dende a notificación da adxudicación definitiva achegaranse o importe do 50% do total do prezo, incluída a parte correspondente ó IVE.
b) O resto farase efectivo no mesmo día de formalización da escritura pública.

Os pagamentos efectuaranse mediante ingreso na conta bancaria que indique o concello.

Cuarto.- O alleamento de bens inmobles, deberá formalizarse en escritura pública, de acordo co disposto no artigo 113.1 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas e 1280 do Código Civil.

Quinto.- Toda alienación, gravame ou permuta de bens inmobles terá que comunicarse ao órgano competente da Comunidade Autónoma (art. 276 da LALG).

Sexto.- En relación co órgano competente para resolver, de conformidade coa Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, corresponde aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades Locais a adxudicación de concesións sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicada.

Así mesmo, corresponde ao Pleno a adxudicación de concesións sobre os bens da Corporación e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial así como o alleamento do patrimonio cando non estean atribuídas ao Alcalde ou ao Presidente, e dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu valor.

A Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións conferidas pola Alcaldía con data 17 de xuño de 2011, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA, coa abstención do señor alcalde o alegar que concorre nel causa do artigo 28.2.e) da Lei 30/1992:

Primeiro: *Adxudicar a* ***BEIRA DA RÍA SL*** *o alleamento do ben* inmoble patrimonial pertencente ó PMS sito en sito na rúa Espadañal, inscrito no rexistro da propiedade no Tomo 1425, Libro 284, Folio 184 aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 6 de agosto de 2013, polo seguinte prezo:

- Prezo sen IVE: Douscentos cincuenta e cinco mil cinco euros (255.005,00€)
- IVE do 21%: Cincuenta e tres mil cincocentos cincuenta e un euros con cinco céntimos. (53.551,05 €).
- Total (a+b):Trescentos oito mil cincocentos cincuenta e seis euros con cinco céntimos. (308.556,05 €).

Segundo: Notificar este acordo e requirir a D. Jesús Manuel Alonso Escuris, en nome e representación da empresa Beira da Ría SL, para que proceda ó pago do prezo de adxudicación consonte o sinalado na cláusula 14 do Prego de Cláusulas Administrativas, indicándolle que será citado para a formalización da escritura pública no prazo máximo dun mes dende a notificación deste acordo.

fonos:
844 800
849 960
981 844 008

E.L. 01150119

Praza de Galicia, s/n
15930 BOIRO (A Coruña)
correo e: correo@boiro.org
páxina web: www.boiro.org

CONCELLO DE BOIRO

Terceiro: Publicar a adxudicación, unha vez formalizado este alleamento, no Perfil do Contratante, no Boletín Oficial da Provincia da provincia e no DOG.

Cuarto: Anotar o alleamento no Inventario Municipal de Bens ao efecto de actualizalo, unha vez formalizado.

Quinto: Comunicar á Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia o presente acordo en cumprimento do disposto no artigo 276 da LAGA.

Sexto: Lembrar ó adxudicatario que unha vez formalizada a venda deberá remitir a documentación necesaria ao Rexistro da Propiedade para que efectúen os oportunos asentos rexistrais, segundo a Lexislación hipotecaria.

E para que así conste e surta aos efectos oportunos no expediente da súa razón, asino a presente certificación, sen prexuizo da aprobación definitiva da acta que a contén de acordo co disposto no artigo 206 do Real decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde en Boiro a 7 de outubro de 2013.

Vº e pr.
O Alcalde,

Juan José Dieste Ortigueira

A secretaria,

Raquel B. Bahillo Varela